Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO


2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

NOVAS / INICIATIVAS

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Trece noites, trece lúas. Libro das marabillas do Nadal



Trece noites, trece lúas. Libro das marabillas do Nadal Mitos, ritos, lendas e tradicións do Nadal en Galicia e no mundo de arredor

_____

Antonio Reigosa (Autor), Noemí López Vázquez (Ilustradora)

Edicións Xerais de Galicia, 2011. 160 Páxinas Cartonado

I.S.B.N.: 978-84-9914-313-2

_____

Síganos, se lle prace, nesta viaxe que lle propoñemos para percorrer este tempo mítico que vai desde o 25 de decembro, suposta data de nacemento de Xesús, ata o 6 de xaneiro, día do seu bautismo, outra forma de nacemento. Entremedias practicamos ritos, reunímonos para festexar, cantar, bailar e comer, tentamos a sorte, repoñemos enerxía e bos propósitos, e seguimos, ou cremos seguir fielmente tradicións que ao mellor non son tan «tradicionais» como cremos… No gran teatro das festas que se van sucedendo polo ano adiante, a escena que representamos colectivamente nos días de Nadal constitúe o clímax, a esencia e o resume de todas elas pois sendo, como é, un final, reverdece en cada un de nós unha ilusión e unha esperanza polo que se anuncia que vai comezar.

_____



Noemí López Lugo, 22 de novembro de 1974. Viviu case sempre en Lugo onde se formou como deseñadora gráfica (Premio Extraordinario), decantándose pola ilustración. Gañou algúns certames de carteis e comezou así a facer ilustracións para este e outros soportes coma xornais e revistas e, pouco despois, a ilustrar libros de ficción e educación. É una apaixoada da literatura infantil e xuvenil, e participa en exposicións colectivas de ilustradores, e tamén impartindo obradoiros e cursos de ilustración en bibliotecas, salóns, e feiras de libros. Mais tarde, compaxinado co anterior, traballou como debuxante de animación despois dun periodo de formación, actualmente continúa con proxectos dentro deste campo. SELECCIÓN DE LIBROS ILUSTRADOS (ficción-infantil e xuvenil) -*Podesvir*, Fina Casalderrey. Editorial Sotelo Blanco. -*As porcas porquiñas*, Xosé Antonio Neira Cruz. Primeira versión. Biblioteca NOVA 33, Caixa Galicia -*Xograr Cangas e asociados*, Xosé Antonio Neira Cruz. Xunta de Galicia -*María está a pinta-lo mar*, Xosé Antonio Neira Cruz. Primeira versión, Xunta de Galicia -*Olo - Iepu – Iepu*, Paula Carballeira. Editorial Galaxia -*Os catro amigos*, adaptación de Xoán Couto. Kalandraka Editora. The musicians of Bremen, reedición en inglés deste mesmo libro para a editorial coreana Hansol Gyoyook. -*María está a pinta-lo mar*, Xosé Antonio Neira Cruz. Editorial Everest Galicia -*Os ladróns de tixolas*, Xosé A. Perozo. Ir Indo Edicións -*As porcas porquiñas*, Xosé Antonio Neira Cruz. Editorial Everest Galicia -*Érase una vez… Lugo*, Pécs, Tanum y Verona, varias autoras. Libro de contos e cd interactivo do European World Heritage Projec. Concellos de Lugo (España), Pécs (Hungría), Tanum (Suecia), Verona (Italia) -*A alfombra*

falsa, Xavier López Rodríguez. Editorial Everest Galicia -*A raposa no galiñeiro*, Antonio Reigosa. Museo Provincial de Lugo -*Endrina e o segredo do Peregrino* (reedición 2004), Concha López Narváez. Editorial Galaxia -*A viaxe a Compostela de Renato Ratoni*, (Edición en galego, castetán e italiano) Xosé Antonio Neira Cruz. Xunta de Galicia. Xacobeo 2004 -*O cocho de carreiras Rudi Fuciños, Uwe Timm (reedición 2005). Editorial* Galaxia -*Tita*, Concha Blanco. Editorial Everest Galicia -*A escola de Briador*, Antonio Reigosa. Editorial Everest Galicia -*Os sons da buguina*, Carlos Labraña. Baía Edicións -*Ketumba Ke Tamba*, Xerardo Quintiá. Editorial Galaxia -*O castrón de ouro*, Darío Xohán Cabana. Editorial Galaxia -*O Vixilante dos soños*, Ana Carreira. Editorial Galaxia



-*Boas noites*, Paula Carballeira. Edicións Xeráis -*O sorriso de Rosalía*, Cristina Sáez Cazallas. Editorial Everest Galicia -*Xela converteuse en vampira!!*, Fina Casalderrey. Baía Edicións -*Améndoas e flores silvestres*, David D. Vázquez Álvarez. Baía Edicións -*Historias maravillosas de la Biblia*. Edición en castelán, galego, vasco e catalán. Editorial Everest -*O galo quirico*, texto popular. Editorial Galaxia -*Arrolos e rodas*, textos populares. Editorial Everest Galicia -*O segredo da lanterna verde*, Antón Fortes, Mar Guerra, Elvira Riveiro, Xelís de Toro. Lagarto Pintado 2009. Xunta de Galicia -*A herdanza do Marqués*, Conchi Regueiro. Baía Edicións -*A avoa Encarna fai niño*, Xosé Antonio Neira Cruz. Editorial Everest -*Do A ao Z com Neira Vilas*, María Canosa. Editorial Everest -*Guía ilustrada da Galicia Invisible*, Antonio Reigosa. Edicións Xerais -*Noutra dimensión*, Marica Campo. Editorial Galaxia. -*Trece noites, trece lúas. Libro das marabillas do Nadal*, Antonio Reigosa. Edicións Xerais .





